



Mellora da formación docente en Galicia: **competencias profesionais**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UniversidadeVigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



TÁBOA DE CONTIDOS

Introdución.....	3
O grupo de traballo sobre competencias profesionais docentes en Galicia.	6
Contextualización do traballo	8
As competencias profesionais docentes. Un fundamento para os sistemas educativos en Europa.	8
As competencias na formación inicial do profesorado. Normativa estatal.....	12
O marco galego de competencias profesionais docentes da Rede de Formación Permanente do Profesorado.	13
Diagnose sobre a formación do profesorado.....	19
A formación permanente do profesorado.....	20
Comparativa entre a demanda do profesorado sénior e novel (curso 2015-16).....	20
Comparativa entre o profesorado novel e profesorado sénior na elección de cursos da Rede de Formación Permanente do Profesorado, por subcompetencia profesional.	21
As competencias profesionais da formación inicial respecto do marco galego de competencias profesionais docentes.....	31
Conclusións da adaptación das competencias de formación inicial ao marco de competencias profesionais docentes	72
Proposta de mellora da articulación da formación en prácticas	76
Protocolo para a xestión e realización das fases de prácticas dos estudos de grao e Máster no ámbito educativo.....	77
Documento de recomendacións e medidas	91
Anexos I - Descrición detallada das competencias profesionais docentes	95
Bibliografía.....	105



Introdución

A calidade dos docentes, e polo tanto a súa formación, é un dos factores máis determinantes para a calidade dos sistemas educativos. Esta máxima despréndese de todos os estudos que a nivel internacional tratan de establecer cales son as medidas que permiten a mellora na educación.

Neste sentido, para favorecer a incorporación e permanencia de profesionais cualificados no sistema educativo parece necesario que os procesos de formación inicial, os procedementos de acceso á profesión docente e a atención á formación permanente do profesorado compartan bases centradas nunha mesma visión sobre que competencias son precisas para o mellor desenvolvemento da profesión docente.

Nesta liña tense manifestado en múltiples ocasións, no marco da Estratexia Educación e Formación 2020 (ET), tanto o Consello Europeo como a Comisión Europea. Destacamos as consideracións recollidas no documento de conclusións do Consello Europeo de maio de 2014 sobre a formación docente eficaz (“Conclusions on effective teacher education”)

“Os formadores de docentes teñen un papel crucial que desempeñar no mantemento e mellora da calidade da forza laboral docente. A provisión dunha formación inicial do profesorado de alta calidade, dar un bo soporte no inicio do exercicio profesional (“indución”) e o desenvolvemento profesional continuo son factores determinantes en asegurar que os candidatos idóneos son atraídos á profesión docente e que os profesores posúan e manteñan as competencias relevantes que se requiren para ser eficaces nas aulas de hoxe.

A mellora dos programas de formación do profesorado e os procesos de selección requiren a previa identificación das competencias profesionais que os docentes necesitan nas diferentes etapas das súas carreiras. Os marcos de competencias profesionais poden servir para mellorar os estándares de calidade, mediante a especificación dos coñecementos, habilidades e actitudes que os profesores, incluíndo os ámbitos da formación profesional e a ensinanza de adultos, deben posuír ou adquirir. Do mesmo xeito, os formadores de docentes pódense beneficiar dos marcos que especifican as competencias profesionais que os profesores deben desenvolver para o seu exercicio profesional.”

O contexto actual, polo tanto, é favorecedor para un vivo debate social e entre os principais actores educativos e políticos.

Por unha banda, o cambio curricular centrado, en liña cos demais sistemas europeos, na adquisición de competencias clave por parte do alumnado leva aparelado a necesidade de afondar en cambios metodolóxicos que favorezan este proceso. Por outra, os cambios producidos nos sistemas educativos nos últimos anos supoñen un reto para os profesionais do ensino. Cómpre mencionar, por exemplo, as necesidades derivadas de cuestións como a atención á diversidade, a formación profesional, a incorporación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe ou as competencias comunicativas en linguas estranxeiras. Todas estas cuestións requiren dunha posta en marcha de redes de apoio á formación, xa que son esixentes cos docentes, tanto cos que acaban de chegar ao sistema educativo coma con aqueles que teñen xa experiencia ás súas costas.

O debate e a necesidade de acordos entre as administracións educativas e as universidades, como responsables da formación inicial e continua do profesorado, é necesario, e faise cada día máis evidente cara a unha actualización da formación docente no seu conxunto (inicial, de entrada e permanente) que permita mellorar e dar coherencia ás distintas etapas da profesión docente e abordar cuestións relativas aos aspectos metodolóxicos, oferta e recoñecemento e carreira profesional.

Un primeiro paso, para centrar o debate e o traballo, pasa por abordar, dentro do marco lexislativo vixente e desde o respecto á autonomía, a cuestión das competencias profesionais docentes; en definitiva, aquelas que se identifiquen como fundamentais para o exercicio da profesión docente ao longo de toda a carreira profesional (inicio, acceso e exercicio).

En relación con esta cuestión, desde as estruturas da Rede de Formación Permanente do Profesorado da consellería estase a desenvolver, desde hai máis dun ano, un traballo para a definición e desenvolvemento dun Marco de Competencias Profesionais Docentes. Este traballo previo foi referendado coa aprobación dun proxecto KA2 Erasmus + no ano 2015 liderado polo CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación), co que se está elevando a un nivel europeo a proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Galicia na definición deste marco de referencia en colaboración con outras entidades de formación dos países socios.

O desenvolvemento deste Marco permite unha oportunidade para a cooperación que se articula neste grupo de traballo entre as universidades galegas e a Consellería.

Pola súa banda, as universidades do SUG, a través das Facultades de Ciencias da Educación como responsables da formación inicial e os seus grupos de investigación como unidades básicas de investigación educativa, contan con coñecemento científico consolidado no campo da formación docente, o ensino nas diferentes disciplinas e a innovación educativa, o que supón unha contribución valiosa e imprescindible na toma de decisión e adopción de políticas educativas.

A constitución de espazos de intercambio e colaborativos estables entre a administración educativa e as universidades representan, especialmente neste momento de cambio, unha boa forma de establecer unha canle para o debate, o diálogo e o reforzo da coherencia do sistema educativo e enfocado a acadar os necesarios consensos.

En definitiva, faise necesario que a formación inicial e permanente do profesorado busquen achegarse o máis posible desde unha perspectiva compartida e rigorosa da profesión docente, de xeito que se dote ao sistema educativo galego de ferramentas e recursos que permitan aos profesionais docentes, actuais e futuros, acadar o máximo desenvolvemento.

O grupo de traballo sobre competencias profesionais docentes en Galicia.

O grupo de traballo constituíuse baseándose no mandato expresado na reunión que tivo lugar o día 15 de decembro de 2015 entre os representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e das tres Universidades galegas.

Os membros do grupo de traballo foron designados polas respectivas entidades e conformárono as seguintes persoas:

POLA CONSELLERÍA:

- ▶ **Manuel Vila López**, subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.
- ▶ **Carmen Cimadevila Cea**, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
- ▶ **José Luis Canosa Baldomir**, subdirector xeral de Recursos Humanos.
- ▶ **Fátima García Doval**, xefa do servizo de Formación do Profesorado.
- ▶ **Ángel Rodríguez Sánchez**, director do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- ▶ **Carmen Fernández Morante**: decana da Facultade de Ciencias da Educación
- ▶ **Francisco Rodríguez Lestegás**: decano da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo)

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO:

- ▶ **Mar García Señorán:** decana da Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Ourense)
- ▶ **Vicente Romo Pérez:** decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA:

- ▶ **Manuel Peralbo Uzquiano:** decano da Facultade de Ciencias da Educación.

A Consellería exerceu o labor de coordinación do grupo por medio da persoa titular da subdirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

O calendario de reunións presenciais trazouse de común acordo entre os membros do grupo e coa cadencia necesaria para impulsar os traballos. Utilizouse como espazo colaborativo unha aula virtual dentro do espazo web do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), onde se dispoñen os documentos e materiais de apoio necesarios e os documentos de traballo do grupo.

O grupo de traballo aprobou o día 27 de xullo de 2016 o documento no que se estableceron as bases da colaboración, os obxectivos e o método de traballo. Neste documento establecéronse como resultados agardados os seguintes:

1. Documento de diagnose sobre o que construír as bases de recomendacións e propostas.
2. Unha proposta de mellora da articulación da formación en prácticas que permita a elaboración de guías comúns e formacións asociadas e complementarias.
3. Un documento de recomendacións baseadas no consenso e enfocadas a favorecer a toma de decisións das institucións participantes dentro de cada unha das súas esferas de competencia.

Contextualización do traballo

Co fin de contar cunha visión o máis obxectiva e científica posible, o grupo de traballo decide seguir dous eixes complementarios.

Dunha parte, realizarase a análise da oferta e demanda de formación permanente do profesorado en Galicia, con especial fincapé na comparativa entre profesorado con máis ou menos de cinco anos de servizo como funcionario de carreira, que denominaremos *sénior* e *novel*, respectivamente.

Doutra parte, farase un encaixe e posterior análise das competencias profesionais docentes na formación inicial e permanente do profesorado. Para isto, tomaremos as competencias previstas na lexislación estatal, polo seu carácter de normativa básica, e o seu desenvolvemento nos plans de estudos das universidades galegas, a través das correspondentes memorias para a verificación dos títulos de Grao en Mestre (Infantil/Primaria). Ademais, realizamos o contraste co marco de competencias profesionais docentes de Galicia que, no marco dun traballo en curso avalado pola Comisión Europea, estrutura a formación permanente do profesorado en Galicia.

As competencias profesionais docentes. Un fundamento para os sistemas educativos en Europa.

Existen diversas definicións do termo competencia que varían desde habilidade, aptitude, capacidade ou mesmo ámbito. Así, Perrenoud (1999) define competencia como “capacidade de actuar de xeito eficaz nun tipo de situación, capacidade que se apoia en coñecementos, pero non se reduce a eles”. Cabero (2005) amplía a tres dimensións as capacidades contidas na competencia: os coñecementos, a execución e a actitude; deixa claro, polo tanto, que non é un termo plano e unidimensional, senón que abrangue varias fases en función tamén do ámbito ao que se refira.

Deste xeito, a propia Comisión Europea, no documento “Supporting teacher competence development for better learning outcomes” (Comisión Europea, 2013), documento de referencia do traballo da Comisión neste tema, retoma a definición de competencia de Deakin Crick como “combinación complexa de coñecementos, capacidades, comprensións,

valores, actitudes e desexos que conducen a unha acción humana efectiva nun dominio específico no mundo”, remarcando a multiplicidade de ámbitos aos que se fai alusión. Especifica que “ensinar” é moito máis que unha tarefa, apuntando que competencia implica neste nivel tanto coñecementos como capacidades prácticas e cognitivas, actitudes e aptitudes.

Todos estes aspectos permítenlle ao docente facer uso de recursos psicosociais para dar resposta a demandas complexas, e danlle a capacidade de actuar axeitadamente e con profesionalidade en diferentes situacións.

Explica, igualmente, as diferenzas entre as competencias dentro da aula (máis centradas na acción do profesor no momento concreto de “ensinar”) e as competencias docentes, que implican unha visión máis ampla, sistémica e multinivel do rol docente e que integran os eidos do “saber”, do “saber ser e estar”, do “saber facer que” e do “saber facer como”, tal e como se recolle neste modelo.

De acordo coas Conclusións do Consello de 26 de novembro de 2009 sobre o desenvolvemento profesional de profesores e directores de centros docentes:

“Os programas de formación do profesorado, que son factores fundamentais tanto para preparar aos profesores e directores dos centros escolares para asumir as súas responsabilidades, como para garantir un desenvolvemento profesional continuo dos mesmos, deben ser de gran calidade, estar adaptados ás necesidades e basearse nunha combinación ben equilibrada de sólida investigación académica e ampla experiencia práctica. É esencial que o ensino inicial do profesorado, o apoio ao inicio da súa carreira (iniciación) e ao ensino profesional continuado, se traten como un todo coherente.

Non hai programa de formación inicial do profesorado, por bo que sexa, que poida dotar aos profesores de todas as competencias que van necesitar ao longo da súa carreira. As esixencias da profesión docente evolucionan con rapidez, o que fai necesario que se adopten novos presupostos”.

Por iso, animase aos Estados membros a “facilitar un compendio das competencias do profesorado dos Estados membros, xunto con actividades de aprendizaxe entre iguais nese ámbito”.

Na mesma liña, o informe “New evidence from teachers compiled by Eurydice and CRELL”, realizado en xuño de 2015, establece que é necesario:

- ▶ *“incrementar a eficiencia dos investimentos no desenvolvemento profesional docente mediante a abordaxe dos desaxustes entre as necesidades específicas das escolas e o profesorado e a propia formación permanente que este segue, sobre todo favorecendo a diversidade de formatos (formación en centro, desenvolvemento colaborativo e cursos en liña)”.*

En particular, o enfoque no desenvolvemento profesional debe centrarse nas necesidades detectadas e nos procesos de retroalimentación para mellorar as prácticas pedagóxicas e as competencias que mellor aborden as necesidades do alumnado permitindo afrontar cuestións como o abandono escolar temperán.”

Sinala tamén a importancia de “implicar máis activamente ao profesorado na definición e planificación da formación permanente a través, por exemplo, do desenvolvemento de proxectos de formación en centros”.

O informe “Supporting teacher competence development for better learning outcomes” (Comisión Europea, 2013), que se basea no traballo do grupo temático sobre desenvolvemento profesional docente, formado por expertos técnicos e representantes sociais de 26 países da Unión, xustifica a definición de competencias profesionais docentes baseándose nunha serie contrastada de razóns:

- ▶ Os resultados de informes e traballos enfocados na comparativa internacional, como PISA ou TALIS.
- ▶ O compromiso internacional plasmado en procesos como o de Boloña, para a reforma de educación superior e o desenvolvemento de Marcos de Cualificacións.
- ▶ O desexo de potenciar a efectividade na educación.
- ▶ Outros enfoques similares, como o movemento cara á expresión dos currículos escolares en termos de resultados de aprendizaxe, ou a reforma dos sistemas de capacitación do profesorado.

- ▶ A demanda das familias e outros axentes sociais para garantir a rendición de contas dos sistemas educativos.
- ▶ A necesidade de facer a profesión docente máis atractiva e facilitar o progreso profesional.
- ▶ O desexo de promocionar a aprendizaxe ao longo da vida do profesorado, así como o seu compromiso co desenvolvemento profesional permanente.
- ▶ As demandas de profesionalización do ensino.
- ▶ O desexo de clarificar os diferentes roles do profesorado.
- ▶ A crecente importancia do liderado na escola e a necesidade de avaliar a calidade docente.

Neste empeño, o desenvolvemento de marcos de referencia pode axudar, segundo o citado documento, a:

- ▶ Desenvolver un discurso común que facilite o diálogo profesional, explicitando ideas, preconceptos e obxectivos que na actualidade permanecen implícitos.
- ▶ Facilitar a discusión sobre o que a sociedade espera dos docentes e o que os docentes esperan da sociedade que dea confianza ás profesoras e profesores nos seus diferentes roles.
- ▶ Destacar o coñecemento, habilidades e competencias profesionais que son únicas para os docentes.
- ▶ Facilitar ao profesorado unha imaxe clara da súa profesión e o seu rol na sociedade, que lle permita sentirse orgulloso do seu papel na sociedade, liderando o establecemento dun ethos profesional.
- ▶ Favorecer o desenvolvemento no profesorado de competencias para aprender a aprender e liderar a súa propia aprendizaxe permanente.

Finalmente, non podemos deixar de mencionar as posibilidades que un marco competencial ofrece á hora de pautar referentes no acompañamento e avaliación do profesorado en prácticas, así como na avaliación de profesorado en exercicio.

Estes marcos competenciais son usados en diferentes contornos nacionais para cuestións diversas, como a xestión do desenvolvemento profesional docente no marco dos proxectos educativos dos centros ou o desenvolvemento de programas de formación inicial, formación de profesorado en prácticas e formación permanente do profesorado. É, precisamente, nesta finalidade na que se centra primordialmente este traballo.

As competencias na formación inicial do profesorado. Normativa estatal.

Os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de mestre atópanse definidos en normativa básica de carácter estatal, concretamente nas seguintes ordes:

- ▶ **Orde ECI/3857/2007, de 27 de decembro** pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Primaria
- ▶ **Orde ECI/3854/2007, de 27 de decembro**, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil.

As dúas establecen que os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de Grao que habiliten para o exercicio da profesión de mestre (Primaria ou Infantil), deberán cumprir, ademais do previsto no Real decreto 1393/2007, 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, 2 de xullo, os requisitos respecto aos apartados do Anexo I do mencionado Real decreto, os que se sinalan nas devanditas ordes. Estas establecen no seu apartado 3 (Obxectivos) as competencias xerais que os e as estudantes deben adquirir, e, no seu apartado 5 (Planificación das ensinanzas), os módulos que deberán incluír como mínimo, con indicación expresa do número de créditos europeos que lle corresponden e as competencias específicas que deben adquirirse.

Ademais destas, as universidades poderán definir competencias transversais propias, así como competencias específicas para as materias optativas. Para os efectos de poder facer un estudo a nivel galego, o traballo céntrase nas competencias xerais e específicas, dado que son as que todo o alumnado (independentemente do seu centro universitario de procedencia e das materias que libremente curse) debe ter garantidas. Non obstante, a efectos informativos, ofrécese tamén a asignación que as diferentes universidades fan das súas competencias transversais.

Se ben o proceso de verificación dos títulos organizase en torno a competencias, a carga na organización destas ensinanzas universitarias segue a estar máis centrada nas materias, polo que a abordaxe das competencias adquire un valor integral e transversal dun xeito declarativo que requiriría dunha maior definición para poder estruturar un marco competencial; neste sentido, un sistema de descritores axudaría en gran medida a situar as cuestións dun xeito máis estruturado e integrador.

O marco galego de competencias profesionais docentes da Rede de Formación Permanente do Profesorado.

O **DECRETO 74/2011, do 14 de abril**, polo que se regula a formación permanente do profesorado, e a Lei orgánica 2/2006 de educación, do 3 de maio, establecen que: “A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. [...] As administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.”

Con este propósito, a Rede de Formación de Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia desenvolve anualmente unha oferta formativa de máis de 2200 actividades, que son clasificadas minuciosamente en función das áreas temáticas e especialidades ás que estas áreas se refiren.

Neste sentido, e para dar resposta ás recomendacións europeas, desde o curso 2015/16 modificouse a estrutura da oferta cara a un modelo máis global, que dea cobertura a todas as necesidades formativas baseándose nun modelo de competencias profesionais docentes de referencia.

O Consello da Unión dinos, nese sentido, que a formación inicial debería proporcionar aos docentes as competencias clave que lles permitan ser excelentes na súa práctica, ao tempo que os motive a reforzalas e actualizalas ao longo das súas carreiras.

Con este fin, recomenda que os organismos competentes definan marcos referenciais de competencias e cualidades profesionais requiridas para o profesorado en cada fase da súa carreira ou nas diversas situacións docentes. Igualmente, animan á creación de marcos competenciais semellantes para formadores de docentes e de asesores de formación.

En ambos os casos os marcos deberán ser flexibles, acordados en cooperación cos responsables respectivos e deberán supor un reforzo dos conceptos de colaboración, titorías de iguais e mentorías de docentes noveis.

Neste sentido, entendemos que a calidade do ensino dependerá directamente da calidade e excelencia na práctica docente, que deberá ser revisada e actualizada permanentemente nun proceso continuo de aprendizaxe (*lifelong learning*) e aplicada a todos os ámbitos da actividade e non só ao dominio científico de contidos e ferramentas.

A pesar de que o Consello da Unión fixo esta recomendación desde o 2009, tan só tres comunidades autónomas (Castela e León, Murcia e Navarra) trataron de desenvolver un modelo integral. O modelo da Rede de Formación del Profesorado de Castilla y León de 2010 foi o intento máis exhaustivo e o que serviu como referencia para o desenvolvemento do modelo da rede de formación en Galicia, coa finalidade de responder ás necesidades formativas do/a docente do presente e do futuro. Pero as conclusións e recomendacións manifestadas ao longo deste século polo Consello Europeo e a Comisión Europea son básicas para articular a proposta do marco competencial en Galicia.

No documento de Conclusións de novembro de 2009 sobre desenvolvemento profesional de profesores e directores de centros docentes, o Consello Europeo invitaba á Comisión a facilitar un compendio das competencias do profesorado nos países membros. En cumprimento deste mandato, a Comisión creou un grupo de traballo en 2010 temático sobre o desenvolvemento profesional docente.

En 2013 a Comisión Europea (documento “Supporting teacher competence development for better learning outcomes”), despois do traballo do grupo temático, fai unha proposta base sobre competencias profesionais docentes que supón unha referencia clave no desenvolvemento do noso marco competencial.

Partimos da base de que un modelo de competencias profesionais docentes debe ser entendido como unha concreción das competencias clave para o desenvolvemento da práctica docente ao longo de toda a vida, vinculado á competencia clave de “aprender a aprender”.

Recomenda o Consello de Europa nesta liña (Consello de Europa, 2006):

“ Que os adultos poidan desenvolver e actualizar as competencias clave ao longo das súas vidas e se atenda, en particular, a aqueles grupos que se consideren prioritarios no contexto nacional, rexional ou local, como é o caso das persoas que precisan actualizar as súas competencias.”

Entendemos o profesorado como grupo destinatario prioritario e consideramos que a asimilación dun modelo competencial na propia formación profesional docente será facilitadora no proceso de ensino-aprendizaxe por competencias clave que, segundo a nova actualización curricular, se presenta como fundamental no futuro das escolas.

Esa liña formativa comeza no ensino obrigatorio coas competencias clave. A Unión Europea continúa na súa recomendación para Formación Profesional no Marco Europeo de Cualificacións (Consello da Unión Europea, 2008). A través da Declaración de Bolonia (Ministros Europeos de Educación, 1999), e da integración do sistema universitario español no Espazo Europeo de Ensinanza Superior (MECD, 2003), esténdese esta filosofía á formación universitaria, e polo tanto tamén á formación inicial docente.

Péchase deste xeito o círculo formativo artellado arredor das competencias desde a educación básica obrigatoria ata a formación permanente do profesorado.

Reforza a necesidade de avanzar nesta liña de traballo a formulación de principios de futuro que establecen outros organismos oficiais, como o INTEF, que, no seu Marco de Desenvolvemento Estratéxico, establece como grandes eixes as competencias profesionais, o desenvolvemento de novas modalidades formativas (tamén en desenvolvemento para a nosa comunidade) e da regulación da formación.

Ao mesmo tempo, preténdese facer do centro educativo o fío condutor da formación do profesorado. Nel integranse as necesidades formativas tanto dos docentes coma do centro, perseguindo coa formación a mellora da calidade educativa nunha escola competente.

Parece obvio que esta meta só se poderá acadar coa axuda dun modelo que permita facer unha detección integral de necesidades no centro, ademais de avaliar sistematicamente tanto a eficacia da detección coma da formación ofertada, e mesmo o impacto desta na práctica educativa na escola.

Seguindo o documento de apoio ao desenvolvemento competencial docente que viñemos citando (“Supporting teacher competence development for better learning outcomes” Comisión Europea, 2013) e revisando os diversos modelos de diferentes países que nel se presentan, defínense as competencias profesionais docentes deste marco da seguinte maneira.

“Son diversos os traxes que viste un docente, e os camiños que percorre de xeito simultáneo ou altemo no desenvolvemento da súa actividade diaria para conformar un perfil global de profesional competente, e moitas as ferramentas e coñecementos que ten que levar na súa mochila para poder levar a cabo a súa actividade.”

Con esta metáfora preténdese diferenciar entre aquelas competencias que supoñen un cambio de perfil profesional e aquelas outras que se refiren máis a capacidades, coñecementos ou mesmo ferramentas precisas para levar a cabo un ou varios deses perfís.

O modelo de competencias profesionais de Galicia articúlase arredor de 7 competencias que, a súa vez, se subdividen en subcompetencias.

Por unha banda, diferenciamos as competencias xenéricas de perfil:

- 1. Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a**
- 2. Membro dunha organización**
- 3. Interlocutor/a e referente na comunidade educativa**
- 4. Investigador/a e innovador/a**

Se temos en conta a que ámbitos da realidade dun docente se refiren as competencias, fariamos unha clasificación en aula, centro e comunidade educativa, coas que se corresponderían as tres primeiras, respectivamente.

Aplicando diacronicamente sobre o estado actual da realidade educativa da aula, do centro e da comunidade todos os elementos motores dun cambio, como son a formación, a investigación, a experimentación, etc., chegaríamos á innovación nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Coa finalidade de implementar todas esas competencias de perfil nos ámbitos que corresponden é imprescindible ter coñecementos na materia específica que se imparte, comunicar adecuadamente nas linguas vehiculares e ter competencia en TIC.

É por iso que as tres competencias seguintes se clasifican como instrumentais e transversais:

5. Especialista na súa materia

6. Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras

7. Competente en tecnoloxías da información e a comunicación

Cómpre sinalar, respecto da competencia como comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras, que orixinariamente se propuñan no seu seo dúas subcompetencias:

- ▶ Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.
- ▶ Alfabetización mediática e informacional.

Non obstante, logo do traballo de reflexión e definición pormenorizada do modelo desde a práctica, fíxose patente que a subcompetencia alfabetización mediática e informacional tiña un carácter xenérico e holístico. Por isto, no modelo definitivo a devandita subcompetencia desaparece como tal para integrarse en diversos ámbitos competenciais de modo transversal. Esta transición farase efectiva na xestión dixital da formación permanente do profesorado ao longo do curso 2016/17. Esta é a razón pola que nos datos relativos á xestión da rede de formación aparece recollida esta subcompetencia de modo expreso, pero non así no encaixe entre as subcompetencias e as competencias universitarias.

Cada unha das sete competencias atopa unha realización concreta en dúas ou máis subcompetencias. Unha descrición detallada das competencias profesionais docentes segundo o marco da rede de formación atópase no Anexo.

Parte primeira

Diagnose sobre a formación do profesorado

A formación permanente do profesorado

A formación permanente do profesorado en Galicia atópase definida e regulamentada, tal e como mencionamos, polo Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado; e a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

Sobre esta regulamentación elabórase o Plan Estratéxico, que define e marca as liñas de traballo para cada plan anual de formación do profesorado. Este inclúe actividades xerais e actividades específicas para profesorado de Formación Profesional.

A oferta formativa responde a:

- ▶ criterios obxectivos de análise da realidade educativa,
- ▶ ás demandas dos cambios normativos,
- ▶ aos novos retos metodolóxicos e tecnolóxicos,
- ▶ ás dotacións de equipamentos,
- ▶ á análise de satisfacción da oferta pasada,
- ▶ e ao nivel de demanda da dita oferta.

Neste apartado faise a análise da oferta, así como da demanda que da antedita formación fai o profesorado denominado *sénior* (con máis de 5 anos no sistema) e *novel* (con menos de 5), de xeito que permita albiscar que tendencias no marco formativo (se é que existen) constitúen a diferenza entre ambos os grupos.

Comparativa entre a demanda do profesorado sénior e novel (curso 2015-16)


Un total de 2.173 docentes con nomeamento posterior ao 1 de setembro de 2010 (menos de 5 anos de experiencia como funcionario/a), solicitaron 10.680 prazas de formación asociadas a competencias profesionais docentes, o que supón 4,91 prazas por docente,

fronte ás 2,1 prazas por docente no caso do profesorado con máis de 5 anos de experiencia no sistema.

Comparativa entre o profesorado novel e profesorado sénior na elección de cursos da Rede de Formación Permanente do Profesorado, por subcompetencia profesional.


1. COMPETENTE EN TIC

1. Dispositivos
2. Ferramentas institucionais: EVA, CMS, Abalar, eDixgal
3. Software




2. COMUNICADOR EN LINGUAS MATERNAS E ESTRANXEIRAS

1. Alfabetización mediática e informacional.
2. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.




3. EDUCADOR/A GUÍA NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC (TIC aplicadas aos procesos de ensino-aprendizaxe).
2. Orientación pedagóxica e atención á diversidade.
3. Programación, seguimento e avaliación.
4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.



4. ESPECIALISTA NA SÚA MATERIA


1. Coñecemento na área de Educación.
2. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.



3. Xestión do coñecemento existente.


5. INTERLOCUTOR/A E REFERENTE

1. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.
2. Mediación, resolución de conflitos.
3. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético.



6. INVESTIGADOR/A E INNOVADOR/A


1. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.
2. Investigación formativa.
3. Realización e execución de propostas.




4. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal.

7. MEMBRO DUNHA ORGANIZACIÓN

1. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns.
2. Acción tutorial e orientación académica e profesional.
3. Centros saudables e seguridade integral.
4. Cooperación e colaboración, construción conxunta de coñecemento.
5. Normativa.
6. Organización, planificación e coordinación.
7. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais.



Comparativa entre a demanda do profesorado novel e o profesorado sénior na elección de cursos da Rede de Formación Permanente do Profesorado, por competencia profesional.



Competencia	Subcompetencia	Sénior	Novel	Diferenza Relativa
Competente TIC	Dispositivos	0,07	0,17	0,60
	Ferramentas institucionais: EVA, CMS, Abalar, eDixgal	0,13	0,19	0,32
	Software	0,10	0,24	0,58
Comunicador en linguas maternas e estranxeiras	Alfabetización mediática e informacional	0,02	0,06	0,57
	Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.	0,09	0,24	0,60
Educador e guía no proceso de ensino-aprendizaxe	Didácticas específicas, metodoloxías e TAC	0,44	0,98	0,55
	Orientación pedagóxica e atención á diversidade	0,08	0,22	0,62
	Programación, seguimento e avaliación	0,01	0,17	0,94
	Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe	0,16	0,33	0,52
Especialista na súa materia	Cofecemento na área de Educación	0,03	0,10	0,72
	Cofecemento nas áreas, materias e módulos curriculares	0,16	0,30	0,46
	Xestión do cofecemento existente	0,08	0,08	0,03
Interlocutor/a e referente	Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora	0,08	0,20	0,60
	Mediación, resolución de conflitos	0,04	0,14	0,72
	Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético	0,08	0,26	0,70
Investigador/a e innovador/a	Diagnóstico e avaliación da práctica docente	0,01	0,09	0,84
	Investigación formativa	0,11	0,30	0,65
	Realización e execución de propostas	0,15	0,40	0,63
	Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal	0,01	0,04	0,67
Membro dunha organización	Xestión da participación e implicación en proxectos comúns	0,05	0,11	0,54
	Acción tutorial e orientación académica e profesional	0,02	0,04	0,56
	Centros saudables e seguridade integral	0,04	0,12	0,67
	Cooperación e colaboración, construción conxunta de cofecemento	0,02	0,03	0,35
	Normativa	0,02	0,05	0,62
	Organización, planificación e coordinación	0,03	0,03	-0,10
	Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais	0,00	0,00	0,00
	Xestión administrativa de centro e calidade	0,01	0,02	0,52

Media total	0,13
Media sénior	0,08
Media novel	0,18
Varianza	0,02
Desviación típica total	0,16
Diferencia media sénior/novel	0,54
Varianza diferenza	0,06
Desviación típica diferenza	0,24
Coefficiente correlación sénior/novel	0,96

Das series de datos expostas extraíse algunhas consideracións iniciais.

O profesorado novel ten, claramente, maiores demandas de formación, o que pode responder tanto ás necesidades sentidas na aula como ao interese e motivación persoal. Como pode observarse, a demanda do profesorado novel duplica (0,54 de diferenza relativa media), á do profesorado sénior en case todas as subcompetencias. A desviación típica é moi pequena e a correlación entre a demanda sénior e novel é moi alta (0.96), o que indica a alta consistencia. Non obstante, tal e como pode apreciarse no cadro, hai unha serie de subcompetencias nas que a demanda do profesorado novel é estatisticamente moi superior (unha desviación típica sobre a media da diferenza relativa):

- ▶ Programación, seguimento e avaliación (Educador/a e guía no proceso de ensino aprendizaxe) – 0,94
- ▶ Diagnóstico e avaliación da práctica docente (Investigador/a e Innovador/a) – 0.84

As demandas do profesorado sénior só sobrepasan ás do profesorado novel na formación sobre “Organización, planificación e coordinación” e “Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais” (Competencia como membro dunha organización), pero as diferenzas son tan pequenas que resultan inapreciables máis aló dos cálculos de coma flotante.

Se quedamos no nivel “competencia”, obtemos a seguinte distribución de demandas comparadas:

As demandas do profesorado sénior só sobrepasan ás do profesorado novel na formación sobre “Organización, planificación e coordinación” e “Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais” (competencia como membro dunha organización), pero as diferenzas son tan pequenas que resultan inapreciables máis aló dos cálculos de coma flotante. Se nos quedamos no nivel “competencia” obtemos a seguinte distribución de demandas comparadas:

Competencia	Sénior	Novel	Diferenza Relativa
Competente en TIC	0,30	0,61	0,51
Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras	0,12	0,29	0,59
Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	0,76	1,70	0,56
Especialista na súa materia	0,27	0,49	0,44
Interlocutor e referente	0,20	0,60	0,67
Investigador/a e innovador/a	0,28	0,82	0,66
Membro dunha organización	0,19	0,39	0,53

Media total	0,50
Media sénior	0,30
Media novel	0,70
Varianza	0,17
Desviación típica	0,41
Media diferenza	0,57
Varianza diferenza	0,01
Desviación típica diferenza	0,08
Coefficiente de correlación sénior/novel	0,97

De novo nos atopamos cuns datos moi consistentes (0.97 coeficiente de correlación entre a demanda do profesorado sénior e novel) e cunha taxa de demanda de profesorado novel que duplica á do profesorado sénior de modo sistemático. Tan só nas competencias de Investigador/a e Innovador/a (0,66) e Interlocutor e referente (0,67) atopamos cifras por riba dunha desviación típica.

As competencias profesionais da formación inicial respecto do marco galego de competencias profesionais docentes.

Ao obxecto de avanzar nun traballo coordinado na formación do profesorado ao longo de toda a súa carreira profesional, é preciso contar cun marco comparado entre as competencias profesionais docentes previstas nos diversos plans de estudos das universidades galegas e o modelo de competencias profesionais docentes que a rede de formación permanente (ao abeiro das directrices europeas e no marco dun proxecto internacional) ten desenvolvido. Deste xeito, promóvese un discurso común que contribúe ao dialogo profesional explicitando os puntos de converxencia e diverxencia que facilitan os puntos de encaixe da estratexia de coordinación.

Analízanse así os plans de estudo das universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), a través das correspondentes memorias para a verificación dos títulos de Grao en Mestre (Infantil/Primaria), achegados polas universidades, por ser o documento no que constan as competencias profesionais deses títulos.

Tamén se toma como referente o marco legislativo do que os devanditos plans dimanan:

- ▶ **Orde ECI/3857/2007, do 27 de decembro**, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Primaria.
- ▶ **Orde ECI/3854/2007, do 27 de decembro**, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil.

Para realizar o traballo comparativo constituíuse un grupo técnico formado por un representante de cada universidade e dúas persoas asesoras da rede de formación permanente do profesorado expertos no marco de competencias profesionais docentes.

Os diversos plans de estudos están compostos por:

- ▶ Competencias xerais: definidas na lexislación correspondente similares en todas as universidades.

- ▶ Competencias específicas: tamén definidas na lexislación, deben ser asumidas polas diferentes universidades. Así é en todos os casos, agás lixeiras diferenzas como matices na tradución ao galego.
- ▶ Competencias transversais: definidas por cada universidade no marco da súa autonomía. Son, en esencia, non comparables nin contrastables entre si dun modo directo.

O grupo técnico realizou a encomenda de contraste entre o marco proposto e a normativa estatal, por unha banda, e por outra dos plans de estudo, translación desa normativa estatal, todo isto de acordo co seguinte procedemento:

- ▶ Os/as asesores/as da rede, expertos no marco de competencias, asignaron tanto as competencias xerais como específicas das ordes estatais de mestre ou mestra en educación primaria ou infantil ás diferentes competencias/subcompetencias do marco, logo do debate cos/as responsables das universidades, para tentar reflectir o enfoque na interpretación e posta en práctica do mandato legal.
- ▶ Os/as responsables de cada universidade asignaron as competencias descritas nas memorias para a verificación dos títulos da súa universidade ás diferentes competencias/ subcompetencias do marco.

Competencias xerais e específicas definidas na Orde ECI/3854/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil

Son competencias xerais as definidas no apartado 3 da citada orde:

1. Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil.
2. Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva.

3. Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos.
4. Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles.
5. Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia.
6. Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expesarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión.
7. Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
8. Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención temperá e das bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e da construción da personalidade na primeira infancia.
9. Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente ten que ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida.
10. Actuar como orientador de nais e pais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias.
11. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes.
12. Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación nos centros educativos.

Son competencias específicas as definidas no anexo da citada orde:

Módulo	Nº de créditos europeos	Competencias que deben adquirirse
	10. Cooperación e colaboración, construción conxunta de coñecemento.	13. Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais. 68. Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.		E67 - Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer no centro. E69 - Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.	CE13 - Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais. CE68 - Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
	11. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais.	66. Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro.	E.13. Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.	E29 - Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadáns pertinentes, para procurar un futuro sostible.	CE66 – Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro.
	12. Centros saudables e seguridade integral.				

Competencia	Subcompetencia	Rede de formación	UDC	USC	UVIGO
Interlocutor/a e referente (forma de ser e relacionarse cos demais)	13. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.	20. Amosar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas. 23. Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostible. 24. Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar. 33. Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.	E.11. Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula. E.67. Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos.	E11 - Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula. E68 - Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos.	CE20 – Amosar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas. CE23 - Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostible. CE24 – Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar. CE34 - Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
	14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético.	14. Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. 29. Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadáns pertinentes, para procurar un futuro sostible. 34. Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos. 62. Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe a a convivencia. 67. Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos.	E.20. Amosar habilidades sociais para entender as familias e facerse entender por elas. E.22. Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade. E.14. Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. E.62. Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.	E13 - Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais. E14 - Promover accións de educación en valores orientados á preparación dunha educación activa e democrática. E34 - Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico. E35 - Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos. E63 - Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.	CE14 – Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. CE29 - Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadáns pertinentes, para procurar un futuro sostible. CE35 - Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos. CE62 - Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia. CE67 - Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos.
	15. Mediación, resolución de conflitos.	12. Abordar e resolver problemas de disciplina.	E.12. Abordar e resolver problemas de disciplina.	E12 - Abordar e resolver problemas de disciplina.	CE12 - Abordar e resolver problemas de disciplina.

Competencia	Subcompetencia	Rede de formación	UDC	USC	UVIGO
Investigador/a e Innovador/a	16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.	7. Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra dela relativos ao período 6-12. 9. Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.	E.17. Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria. E.19. Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.	E9 - Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan. E41 – Expor e resolver problemas vinculados coa vida cotiá.	CE7 – Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra dela relativos ao período 6-12. CE9 – Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
	17. Investigación formativa. TAC e Alfin.	19. Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.			CE19 – Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.
	18. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal.		E.65. Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.	E19 - Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación. E66 - Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.	
	19. Realización e execución de propostas.	17. Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.		E17 - Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.	CE17 - Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
Especialista na súa materia	20. Coñecemento na área de Educación.	1. Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período 6-12 no contexto familiar, social e escolar. 5. Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseadas na aprendizaxe de competencias. 8. Coñecer os fundamentos da educación primaria. 10. Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa.	E.9. Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan. E.8. Coñecer os fundamentos da educación primaria. E.24. Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar. E.10. Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa. E.35. Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.	E5 - Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias. E10 - Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa. E23 - Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostible.	CE1 – Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período 6- 12 no contexto familiar, social e escolar. CE5 - Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseadas na aprendizaxe de competencias. CE8 - Coñecer os fundamentos da Educación Primaria. CE10 - Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa.

Competencia	Subcompetencia	Rede de formación	UDC	USC	UVIGO
Especialista na súa materia	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.	26. Coñecer o currículo escolar destas ciencias. 32. Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais. Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural. 35. Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura. 37. Adquirir competencias matemáticas básicas (numéricas, cálculo, xeométricas, representacións espaciais, estimación e medida, organización e interpretación da información, etc). 38. Coñecer o currículo escolar de matemáticas. 44. Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil. 45. Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura. 47. Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e a súa ensinanza. 54. Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical. 55. Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola. 58. Coñecer o currículo escolar da educación física. 59. Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.		E24 - Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar. E25 - Comprender os principios básicos e as leis fundamentais das ciencias experimentais (Física, Química, Bioloxía e Geoloxía). E26 - Coñecer o currículo escolar destas ciencias. E27 - Presentar e resolver problemas asociados coas ciencias e a vida cotiá. E28 - Valorar as ciencias como un feito cultural. E31 - Comprender os principios básicos das ciencias sociais. E32 - Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais. E33 - Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural. E36 - Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura. E38 - Adquirir competencias matemáticas básicas (numéricas, cálculo, xeométricas, representacións espaciais, estimación e medida, organización e interpretación da información, etc). E39 - Coñecer o currículo escolar das matemáticas. E40 - Analizar, razoar e comunicar propostas matemáticas. E42 - Valorar a relación entre matemáticas e ciencias como un dos piares do pensamento científico. E44 - Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e da comunicación. E45 - Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil. E46 - Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura. E48 - Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e a súa ensinanza. E49 - Fomentar a lectura e animar a escribir. E52 - Expresarse oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira. E54 - Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes. E55 - Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical. E56 - Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola. E58 - Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física. E59 - Coñecer o currículo escolar da educación física. E60 - Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.	CE26 - Coñecer o currículo escolar destas ciencias. CE32 - Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais. CE33 - Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural. CE36 - Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura. CE38 - Adquirir competencias matemáticas básicas (numéricas, cálculo, xeométricas, representacións espaciais, estimación e medida, organización e interpretación da información, etc). CE39 - Coñecer o currículo escolar de matemáticas. CE44 - Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil. CE45 - Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura. CE47 - Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e a súa ensinanza. CE54 - Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical. CE55 - Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola. CE58 - Coñecer o currículo escolar da educación física. CE59 - Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.

Competencia	Subcompetencia	Rede de formación	UDC	USC	UVIGO
Especialista na súa materia	22. Xestión do coñecemento existente.	25. Comprender os principios básicos e as leis fundamentais das ciencias experimentais (Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía). 27. Presentar e resolver problemas asociados coas ciencias á vida cotiá. 28. Valorar as ciencias como un feito cultural. 31. Comprender os principios básicos das ciencias sociais. 41. Valorar a relación entre matemáticas e ciencias como un dos piares do pensamento científico. 43. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación. 53. Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes. 57. Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física.	E.64. Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.	E65 - Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.	CE25 – Comprender os principios básicos e as leis fundamentais das ciencias experimentais (Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía). CE27 - Presentar e resolver problemas asociados coas ciencias á vida cotiá. CE28 - Valorar as ciencias como un feito cultural. CE31 - Comprender os principios básicos das ciencias sociais. CE41 - Valorar a relación entre matemáticas e ciencias como un dos piares do pensamento científico. CE43 - Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación. CE53 - Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes. CE57 - Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física.
Comunicador/a en lingua materna	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o Desenvolvemento e mantemento.	46. Falar, ler e escribir correctamente as linguas oficiais da Comunidade Autónoma. 51. Expresarse oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.	E.46. Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. E.51. Expresarse oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.	E47 - Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	CE46 – Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. CE51 – Expresarse oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.
Competente En TIC	24. Software.			G11 - Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural.	
	25. Dispositivos.				
	26. Ferramentas institucionais: EVA e CMS, Abalar, E-Dixgal.				

NOTAS:



REDE DE FORMACIÓN: Interpretación da rede de Formación das Competencias previstas na Orde estatal de definición do título.

UDC: Competencias da memoria de validación do título da UDC con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

USC: Competencias da memoria de validación do título da USC con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

UVIGO: Competencias da memoria de validación do título da UVIGO con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

Finalmente podemos observar a asignación que os respectivos técnicos fan das competencias universitarias transversais. Dado que non son comparables entre si nin contan con referentes de partida, non son utilizadas na análise comparativa e amósanse a título informativo.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: Educación Infantil:

Competencia	Subcompetencia	UDC	USC	UVIGO
Educador/a guía no proceso Ensino–aprendizaxe	1. Programación, seguimento e avaliación.	G.12. Capacidade de organización e planificación (programación, seguimento e avaliación).		
	2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.	G.6.Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadá e como profesional (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). G.10. Capacidade de análise e síntese (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). G.11.Capacidade de procura e manexo da información (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). G.17. Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). N.6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). G.13. Capacidade para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin). G.20. Coñecemento doutras culturas e doutros costumes (didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin).		
	3. Orientación pedagóxica e atención á diversidade.	G.24. Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade (acción tutorial e atención á diversidade).	T4 - Competencia informacional.	
	4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.			19. Coñecemento doutras culturas e costumes.
Membro dunha Organización	5. Acción tutorial e orientación académica e profesional.			
	6. Normativa.			
	7. Organización, planificación, coordinación.			
	8. Xestión administrativa de centro e calidade.			2. Capacidade de organización e planificación.
	9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns.			6. Capacidade de xestión da información.
	10. Cooperación e colaboración, construción conxunta de coñecemento.	G.5. Traballar de forma colaborativa.		14. Compromiso ético.
	11. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais.	G.14. Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.		
	12. Centros saudables e seguridade integral.			7. Resolución de problemas. 8. Toma de decisións. 9. Traballo en equipo. 10. Traballo nun contexto internacional. 18. Liderado.

Competencia	Subcompetencia	UDC	USC	UVIGO
Interlocutor/a e referente (forma de ser e relacionarse cos demais)	13. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.	G.6. Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. G.20. Relación con diversos interlocutores sociais.		
	14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético.	G.18. Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes. G.19. Capacidade de adaptarse ás novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.		11. Habilidades nas relacións interpersoais.
	15. Mediación, resolución de conflitos.			12. Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade. 22. Sensibilidade por temas ambientais.
Investigador/a e Innovador/a	16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.	G.17. Capacidade de análise e de auto avaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.	T4 - Competencia informacional.	
	17. Investigación formativa. TAC e Alfin.	G.1. Aprender a aprender. G.15. Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.		1. Capacidade de análise e síntese. 13. Razoamento crítico. 21. Motivación pola calidade.
	18. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal.			15. Aprendizaxe autónoma. 16. Adaptación ás novas situacións.
	19. Realización e execución de propostas.	G.2. Resolver problemas de forma efectiva. G.3. Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. G.4. Traballar de forma autónoma con iniciativa. G.16. Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.		
Especialista na súa materia	20. Coñecemento na área de Educación.			17. Creatividade. 20. Iniciativa e espírito emprendedor.
	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.			
	22. Xestión do coñecemento existente.			

Competencia	Subcompetencia	UDC	USC	UVIGO
Comunicador/a en lingua materna	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.	G.7. Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo. G.8. Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente. G.9. Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita. G.10. Capacidade de expresión oral e escrita en varias linguas (polo menos nunha lingua estranxeira). G.13. Lectura e interpretación de imaxes.	T1 - Coñecemento instrumental de linguas estranxeiras. T2 - Coñecemento instrumental da lingua galega.	
Competente En TIC	24. Software.	G.11. Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.	T3 - Coñecemento instrumental das tecnoloxías da información e da comunicación.	3. Comunicación oral e escrita. 4. Coñecemento de lingua estranxeira.
	25. Dispositivos.		T3 - Coñecemento instrumental das tecnoloxías da información e da comunicación.	5. Coñecemento de informática.
	26. Ferramentas institucionais: EVA e CMS, Abalar, E-Dixgal.			

NOTAS:

REDE DE FORMACIÓN: Interpretación da rede de Formación das Competencias previstas na Orde estatal de definición do título.

UDC: Competencias da memoria de validación do título da UDC con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

USC: Competencias da memoria de validación do título da USC con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

UVIGO: Competencias da memoria de validación do título da UVIGO con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: Educación Primaria:

Competencia	Subcompetencia	UDC	USC	UVIGO
Educador/a guía no proceso Ensino–aprendizaxe	1. Programación, seguimento e avaliación.			
	2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.	T.6. Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadá e como profesional. T.18. Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes. T.16. Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente. T.15. Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información. T.13. Lectura e interpretación de imaxes. N.4.Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. N.6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.		
	3. Orientación pedagóxica e atención á diversidade.	T.2. Resolver problemas de forma efectiva.		20. Coñecemento doutras culturas e costumes.
	4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.			
Membro dunha Organización	5. Acción tutorial e orientación académica e profesional.			
	6. Normativa.			
	7. Organización, planificación, coordinación.	T.20. Relación con diversos interlocutores sociais.		2. Capacidade de organización e planificación.
	8. Xestión administrativa de centro e calidade.			6. Capacidade de xestión da información.
	9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns.			15. Compromiso ético.
	10. Cooperación e colaboración, construción conxunta de coñecemento.	T.5. Traballar de forma colaborativa. T.14.Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.		
	11. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais.			7. Resolución de problemas. 8. Toma de decisións. 9. Traballo en equipo. 10. Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar. 11. Traballo nun contexto internacional. 19. Liderado.
	12. Centros saudables e seguridade integral.			

Competencia	Subcompetencia	UDC	USC	UVIGO
Interlocutor/a e referente (forma de ser e relacionarse cos demais)	13. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.	T.3.Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. T.4. Traballar de forma autónoma con iniciativa. T.7.Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo. T.8.Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente. T.17.Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo. N.5.Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.		12. Habilidades nas relacións interpersoais.
	14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético.			13. Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade. 23. Sensibilidade hacia temas medioambientais.
	15. Mediación, resolución de conflitos.			
Investigador/a e Innovador/a	16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.			1. Capacidade de análise e síntese. 14. Razoamento crítico. 22. Motivación pola calidade.
	17. Investigación formativa. TAC e Alfin.		Competencia informacional.	16. Aprendizaxe autónoma. 17. Adaptación a novas situacións.
	18. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal.			
	19. Realización e execución de propostas.			18. Creatividade. 21. Iniciativa e espírito emprendedor.
Especialista na súa materia	20. Coñecemento na área de Educación.			
	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.			
	22. Xestión do coñecemento existente.			

Competencia	Subcompetencia	UDC	USC	UVIGO
Comunicador/a en lingua materna	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o Desenvolvemento e mantemento.	T.9. Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita. N.1.Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. T.10. Capacidade de expresión oral e escrita en varias linguas (polo menos nunha lingua estranxeira). N.2.Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.	Coñecemento instrumental de linguas estranxeiras. Coñecemento instrumental da lingua galega.	3. Comunicación oral e escrita na lingua materna. 4. Coñecemento de lingua estranxeira.
Competente En TIC	24. Software.	T.11. Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas. T.12. Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.	Coñecemento instrumental das tecnoloxías da información e da comunicación.	5. Coñecemento de informática relativos ao ámbito de estudo.
	25. Dispositivos.			
	26. Ferramentas institucionais: EVA e CMS, Abalar, E-Dixgal.	N.3.Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		

NOTAS:

REDE DE FORMACIÓN: Interpretación da rede de Formación das Competencias previstas na Orde estatal de definición do título.

UDC: Competencias da memoria de validación do título da UDC con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

USC: Competencias da memoria de validación do título da USC con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

UVIGO: Competencias da memoria de validación do título da UVIGO con respecto ao marco de competencias profesionais docentes.

Conclusións da adaptación das competencias de formación inicial ao marco de competencias profesionais docentes

O modelo proposto polo CAFI e os procedentes da normativa que rexe nas diferentes universidades presentan grandes diferenzas en número de competencias. Os modelos propostos polas universidades estruturan as competencias segundo a normativa en: xerais, específicas e transversais (con variacións de nomenclatura), subdividindo tamén segundo a normativa as específicas en “Formación básica”, “Didáctico-Disiplinar” e “Prácticum e TFG”. Isto supón unha clasificación en función das materias nas que se está a traballar e non en función do contido ou ámbito de aplicación da propia competencia. O modelo competencial da Rede de Formación fai o seu enfoque baseándose nas funcións do profesorado e os seus ámbitos de incidencia.

As competencias do módulo “Didáctico-Disiplinar” recollen o detalle das competencias traballadas en materias específicas (de ciencias, matemáticas, linguas...) que no modelo do CAFI se recollen nunha única competencia “21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.” Se entendemos todas esas competencias como unha soa, os modelos propostos non son tan diferentes, e permiten un encaixe lóxico e explicable. O traballo de continuación fluída desde a formación inicial á formación permanente veríase facilitado por unha definición dun espazo competencial común xenérico que afonde de xeito máis detallado naqueles eidos nos que cada unha das institucións precise especificar máis a formación a impartir, mais sendo sempre rastrexable a competencia/subcompetencia superior á que se refire e polo tanto na que se está a traballar.

Aínda así, resulta salientable a coincidencia total de enfoque nalgunhas das subcompetencias fronte a grandes discrepancias, tanto entre os expertos da rede e das universidades como entre as propias universidades.

Destacamos tamén a carga do coñecemento do contido e o coñecemento didáctico do contido sobre outros ámbitos competenciais que gozan de menor tradición nos procesos de cualificación do profesorado pero que, non obstante, ocupan un lugar de particular relevancia na análise social do feito educativo, como son a xestión da convivencia e a formación en sustentabilidade e saúde integral.

Todo isto lévanos a unha serie de **conclusións xerais**:

- ▶ A definición dos títulos a nivel estatal enumera unha serie de competencias xerais e específicas que en certa medida responden á estrutura de competencia e subcompetencia, pero sen correspondencias claras entre os dous niveis. É dicir, cada competencia específica non está asignada a unha competencia xeral, senón a unha tipoloxía máis tradicional nos estudos de formación do profesorado: Formación básica, Didáctico-Disciplinar e Prácticum e TFG.
- ▶ As competencias xerais e específicas dos títulos non contan con descritores claros, polo que moitas delas están suxeitas á interpretación das universidades que ofrecen a súa visión científica na materialización das devanditas competencias nos plans de estudos. Estas diferenzas, que poden parecer de fondo, non o son tanto en realidade, senón que teñen que ver máis coa categorización que se fai delas e a súa asimilación a materias diferentes.
- ▶ Hai subcompetencias que, pese a seren vitais para calquera docente con independencia do nivel educativo no que desenvolva a súa tarefa profesional, non teñen apenas consideración nas ordes que regulan os títulos. Quedan, moitas veces, ao abeiro das materias optativas que curse o futuro docente ou á súa formación complementaria.
- ▶ Na definición dos títulos a nivel estatal (directrices das ordes ECI) prima unha perspectiva eminentemente clásica da formación inicial do profesorado, centrada no coñecemento do contido e o coñecemento didáctico do contido, así como de cuestións de pedagogía xeral. Non obstante, outras cuestións máis de longa tradición en campos de coñecemento pedagóxico como son a educación para a saúde, a educación para a paz, a convivencia escolar, a educación familiar, a educación afectivo-sexual, a educación emocional ou a pedagogía hospitalaria por exemplo, e que constitúen na actualidade referentes fundamentais e imprescindibles na formación do profesorado están practicamente ausentes das competencias xerais e específicas.

- ▶ É preciso que a formación inicial e permanente do profesorado se aliñe arredor dun traballo equilibrado das diferentes competencias e subcompetencias profesionais docentes no que teñan cabida, por suposto, as didácticas específicas ou aplicadas, pero sen deixar de lado outras cuestións de relevancia entre as que é destacable as habilidades relacionadas coas TIC que precisa a sociedade do coñecemento: competencias instrumentais (alfabetización dixital, alfabetización informacional) e competencias para o uso didáctico e a innovación educativa a través das TIC e para o deseño/adaptación de contornos de aprendizaxe flexibles e materiais educativos dixitais.
- ▶ Con respecto á análise comparativa entre a demanda de formación permanente do profesorado e a formación inicial, non hai relacións directas obvias, senón que o comportamento de cada unha das subcompetencias debería estudarse por separado e no seu propio contexto de formación, tradición e demanda social e profesional. As causas e consecuencias da dispar demanda de formación continua, non pode afirmarse que responden univocamente á formación inicial (ou á ausencia desta), pois non hai correlacións determinantes, pero si amosan unha clara tendencia se tomamos de referencia para o contraste os cadros correspondentes aos plans de estudos.
- ▶ En calquera caso, cómpre, desde a metodoloxía de indagación axeitada, investigar as posibles causas das diferenzas na demanda de formación. Este traballo futuro dará luz sobre as vías para concienciar ao profesorado sobre a importancia da formación en competencias non sentidas como deficitarias pero que, non obstante, a experiencia e a investigación amosan repetidamente como necesitadas dun maior pulo.
- ▶ Tamén resulta clave que se manteña o diálogo entre as universidades e a Rede de Formación Permanente do Profesorado para enriquecer a abordaxe e concreción das competencias previstas na lexislación nos plans de estudos particulares, de xeito que a formación dos mestres manteña os estándares de calidade que o avance da demanda social impón. Co máximo respecto á autonomía universitaria, cómpre avanzar nun corpus competencial común no acceso á función docente.

- ▶ A Consellería promoverá desde este grupo de traballo, ou comisión semellante, o establecemento dun marco formativo integrado para os docentes que resulte da coordinación entre a oferta de posgrao existente no SUG e a da Rede de Formación Permanente do Profesorado. As sinerxias entre estes axentes deberían posibilitar unha oferta axustada permanentemente ás necesidades do noso sistema educativo.
- ▶ Especificamente, no caso das titulacións de grao en infantil e primaria, a Consellería favorecerá a creación dun mestrado específico de carácter interuniversitario, que sirva de referencia no SUG para os egresados nestas titulacións e para o profesorado en exercicio. A actual proposta das tres universidades do SUG dun mestrado interuniversitario en Innovación e Investigación en Educación infantil e primaria vai nesta dirección e trata de dar resposta ás lagoas formativas atopadas neste grupo de traballo e que fan urxente dar unha resposta desde o SUG. A necesidade de introducir estímulos que fagan útil e atractiva a oferta de posgrao do SUG no ámbito educativo fai aconsellable graduar obxectivamente o recoñecemento a efectos de acceso á profesión docente dos créditos ou títulos cursados polos docentes, favorecendo o maior recoñecemento para os titulados en Educación infantil e primaria no mestrado interuniversitario antedito, sempre no marco da normativa básica do estado.
- ▶ Precisamos igualmente establecer pontes para que a formación inicial do profesorado poida ofrecer coñecementos relevantes para a práctica na xestión de organizacións educativas tanto a nivel de aula como de centro e mesmo de sistemas educativos.

Parte 3

Proposta de mellora da articulación da formación en prácticas

Aínda que é precisa maior indagación que afonde no encaixe e traballo conxunto entre a formación inicial e permanente, parece claro que é posible e necesario tender canto antes pontes entre ambos os espazos formativos. Do traballo do grupo despréndese que o Prácticum é o momento no que o futuro docente forma parte de ambos os mundos a un tempo: aínda está na formación inicial pero desenvolve o seu labor no ámbito de traballo da formación permanente. Neste sentido parece fundamental a existencia de acordo sobre o marco de competencias que permita unha adecuada avaliación do futuro profesorado en prácticas.

Dado o volume de variedade de centros educativos da comunidade, e o seu alto grao de autonomía, o enfoque de protocolo de bases de colaboración é o que mellor garante o desenvolvemento e aproveitamento en condicións mínimas de calidade para todos os participantes.

Para a súa proposta tómase como referencia o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como os convenios de colaboración asinados coas diferentes universidades e a normativa autonómica que rexe as prácticas do Máster de Formación do Profesorado de Secundaria.

Protocolo para a xestión e realización das fases de prácticas dos estudos de grao e Máster no ámbito educativo

ÁMBITO

Abarca as fases de prácticas dos estudos impartidos nas universidades de Santiago, Coruña e Vigo dos títulos de:

- ▶ Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.
- ▶ Formación Equivalente a Máster para o profesorado de Formación Profesional que non está en condicións de acceder ao Máster do profesorado en Educación Secundaria (Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro, pola que se establece a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia non poden realizar os estudos de Máster.

- ▶ Estudos de Grao e mestrado impartidos nas Facultades de Ciencias da Educación e de Formación do Profesorado.

Persoas involucradas:

- ▶ Alumnado
- ▶ Titor ou titora da universidade
- ▶ Titor ou titora do centro educativo

ESTUDANTES EN PRÁCTICAS

Poderán realizar as prácticas os estudantes matriculados en calquera ensinanza impartida polas universidades incluídas neste protocolo nos termos previstos nos convenios de colaboración correspondentes. Concretamente o alumnado matriculado nalgunha titulación de grao impartida nas facultades de Ciencias da Educación e de Formación do Profesorado que inclúan no seu plan de estudos a materia de prácticas externas curriculares ou no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, no número de prazas establecidas polo correspondente convenio de colaboración. Así como os/as estudantes doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razóns de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, estean cursando estudos de grao nos citados centros das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Ao finalizar as prácticas a universidade correspondente poderá entregarlle a cada estudante que o solicite un certificado que conterá como mínimo os seguintes aspectos:

- ▶ Titular do documento
- ▶ Centro educativo onde se realizaron as prácticas
- ▶ Descrición da práctica especificando a súa duración e datas de realización
- ▶ Actividades realizadas

DEREITOS E DEBERES DOS E DAS ESTUDANTES EN PRÁCTICAS

Durante a realización das prácticas académicas externas, os e as estudantes terán os seguintes dereitos:

- ▶ Á tutela, e formación necesaria cara á realización do seu proxecto formativo, antes, durante e despois do período de duración da correspondente práctica, por un docente do centro responsable da materia Prácticum no que cursa os estudos de grao ou Máster, durante a estancia nos centros de prácticas por un profesional que preste servizos no centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria onde se realice.
- ▶ Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola Universidade na que cursa estudos.
- ▶ Á obtención dun informe por parte do centro educativo no que realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, no seu caso, o seu rendemento.
- ▶ A recibir, por parte do centro educativo, información sobre a normativa en materia de seguridade e prevención de riscos laborais e autoprotección.
- ▶ A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente ao centro educativo.
- ▶ A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso dos e das estudantes con discapacidade á tutela, á información á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- ▶ A conciliar, no caso dos e das estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- ▶ Aqueloutros, de ser o caso, previstos na normativa específica de cada unha das universidades aos que non se opoñan os termos previstos dos correspondentes convenios de colaboración.

Durante a realización das prácticas académicas externas, os e as estudantes terán os seguintes deberes:

- ▶ Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida polas universidades correspondentes.
- ▶ Coñecer e cumprir o proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor/a asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor/a académico/a da universidade correspondente.
- ▶ Manter contacto co/a titor/a académico da súa universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir nela, así como facer entrega dos documentos e a memoria final que lle sexan requiridos.
- ▶ Incorporarse ao centro educativo na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de organización e funcionamento, seguridade, autoprotección e prevención de riscos laborais dela.
- ▶ Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas nel.
- ▶ Elaborar a memoria final das prácticas na que deberá figurar, entre outros, os seguintes aspectos: datos persoais do/a estudante; centro educativo no que realizou as prácticas e lugar; descrición concreta e detallada das tarefas; traballos desenvolvidos e departamentos do centro aos que estivo asinado; valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios; relación dos problemas suscitados e o procedemento seguido para a súa resolución; identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas; avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- ▶ Gardar confidencialidade en relación coa información interna do centro educativo e gardar segredo profesional sobre as súas actividades durante a estancia e, unha vez finalizada esta, axustándose á normativa e protocolos específicos en materia de protección de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- ▶ Amosar en todo momento unha actitude respectuosa cara ao proceder do centro educativo, mantendo a salvagarda do bo nome da universidade á que pertence.

TITORÍA NO CENTRO EDUCATIVO

Titor ou titora do centro educativo

O titor ou titora do centro educativo será unha persoa vinculada ao centro educativo mediante contrato estable ou destino provisional ou definitivo no dito centro, con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. Non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titor académico da universidade.

- ▶ **Nos centros públicos**, o profesorado funcionario de carreira que exerza como persoa titora deberá contar con, polo menos, dous anos de experiencia docente, e debe ter prestado servizo no centro aspirante a centro de prácticas polo menos durante un curso escolar completo ou ter sido persoa titora acreditada noutros centros.
- ▶ **Nos centros concertados**, o profesorado que exerza como persoa titora deberá ter acreditado impartir docencia en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de idiomas ou deportivas durante un mínimo de tres cursos escolares completos, e debe ter prestado servizo no centro aspirante a centro de prácticas polo menos durante un curso escolar completo ou ter sido persoa titora acreditada noutros centros.

Persoa coordinadora do centro educativo

No caso do Máster Universitario de Profesorado, a persoa directora do centro ou, por delegación súa, a persoa encargada da xefatura de estudos ou, excepcionalmente, unha das persoas titoras de prácticas, exercerá as funcións de persoa coordinadora das prácticas.

Serán funcións específicas da persoa coordinadora de prácticas as seguintes:

- ▶ Establecer as accións que desenvolverán as persoas titoras de prácticas do centro.

- ▶ Posibilitar a integración plena no centro do alumnado en prácticas mediante un plan de acollida.
- ▶ Facilitar ao alumnado en prácticas o coñecemento da organización e funcionamento do centro, dos proxectos educativos, así como doutros proxectos, programas ou actividades en que o centro participe.
- ▶ Xestionar os espazos e os tempos para a intervención do alumnado en prácticas.
- ▶ Deseñar a asistencia do alumnado en prácticas ás reunións de planificación, programación, seguimento e avaliación do alumnado do centro.
- ▶ Elaborar xunto coas persoas titoras un cronograma das actividades que o alumnado desenvolverá no centro durante o período do prácticum e no cal se incluírá obrigatoriamente a participación do/a estudante en prácticas na vida do centro así como a súa asistencia a reunións das diferentes comisións, de departamentos, atención tutorial a familias e alumnado, sesións de avaliación, reunións de claustro, consello escolar, equipos docentes, etc.

Nos centros de educación infantil e primaria, aos efectos dos estudos de Grao, a coordinación dos estudantes en prácticas formará parte da xestión ordinaria do centro e corresponderá ao equipo directivo do centro ou persoa en quen a dirección delegue.

Dereitos e deberes da persoa titora do centro educativo

A universidade correspondente facilitaralle o acceso á biblioteca e, se é o caso, aos servizos deportivos e a outros servizos e dependencias nos termos establecidos pola normativa da universidade. No caso da UNED, esta universidade ofrecerá ás persoas coordinadoras e titoras unha serie de contraprestacións, como reducións no custo das matrículas de ensinanzas regradas, cursos de verán e cursos de idiomas impartidos pola UNED, así como o acceso aos recursos bibliográficos na rede con que conta a universidade.

A función tutorial desenvolvida polas persoas coordinadoras (no caso do Máster) e titoras será considerada mérito nas convocatorias de contratación de profesorado promovidas polas universidades.

No caso específico do Máster cada universidade acordará coas persoas coordinadoras e titoras do centro educativo as condicións de participación para o desenvolvemento do prácticum e o seu recoñecemento, segundo o establecido no plan de estudos da titulación. Esta participación estará comprometida a asegurar as competencias profesionais que debe adquirir o alumnado.

As universidades asumirán os custos derivados da realización do prácticum, en concreto, o pagamento ao profesorado coordinador e titor que participe no seu desenvolvemento, nos casos nos que regulamentariamente estea determinado.

DEREITOS:

- ▶ Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade correspondente cunha certificación acreditativa do traballo realizado, en función dos termos previstos pola devandita universidade e, en calquera caso coa expresión das horas de duración da fase de prácticas e coa sinatura do Reitor ou vicerreitor correspondente (ou persoa en quen delegue).
- ▶ A ver recoñecida a certificación prevista como termos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria determine en materia de Formación Permanente do Profesorado así como en outras convocatorias.
- ▶ A ser informado da normativa que regula as prácticas externas así como o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
- ▶ A ter acceso á universidade correspondente para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

DEBERES:

- ▶ Acoller o/a estudante, acompañalo e organizar a actividade a desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- ▶ Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.

- ▶ Informar o/a estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á autoprotección, seguridade e riscos laborais.
- ▶ Coordinar coa persoa titora académica da universidade correspondente o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan de traballo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento dela e o control de permisos para a realización de exames.
- ▶ Favorecer a formación inicial na práctica docente do ou da estudante.
- ▶ Asesorar o/a estudante en prácticas en cuestións pedagóxicas.
- ▶ Facilitar que o/a estudante en prácticas se integre plenamente na vida do centro para adquirir un coñecemento directo e práctico da súa organización e funcionamento en todos os ámbitos.
- ▶ Emitir un informe final que lle remitirá ao titor académico da universidade correspondente a conclusión das prácticas, que recollerá o número de horas realizadas polo/a estudante e no que poderá valorar aspectos referidos, de ser o caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo.
- ▶ Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
- ▶ Facilitar ao/á titor académico da universidade o acceso ao centro educativo para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Titor ou titora académico/a da universidade

A designación do titor ou titora por parte da universidade correspondente farase de acordo cos procedementos establecidos pola mesma, debendo ser un profesor da universidade, con preferencia da propia facultade, escola ou centro universitario onde se atope matriculado o/a estudante e, en todo caso, afín ao ensino ao que se vincula a práctica.

Dereitos e deberes da persoa titora académica da universidade

DEREITOS:

- ▶ Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade correspondente de acordo coa súa normativa interna.
- ▶ A ser informado da normativa que regula as prácticas externas así como das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do/a estudante que se tutelará.
- ▶ Ter acceso ao centro educativo para o cumprimento dos fins propios da súa función, e a aquela información imprescindible para o exercicio da súa actividade.

DEBERES:

- ▶ Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do/a estudante e de asistencias a actividades de avaliación doutras materias.
- ▶ Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso coa persoa titora da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- ▶ Autorizar as modificacións que se produzan no plan de traballo.
- ▶ Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas dos/as estudantes tutelados de acordo cos procedementos que establece a universidade correspondente, cubrindo o correspondente informe de avaliación.
- ▶ Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
- ▶ Informar ao órgano responsable das prácticas externas nas facultades correspondentes das posibles incidencias xurdidas.
- ▶ Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas

prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

PROCEDEMENTO

Oferta e selección do centro

En educación infantil e primaria: son elixibles todos os centros públicos que imparten os niveis de educación infantil e educación primaria sostidos con fondos públicos nos termos establecidos pola administración educativa. Os centros públicos, como unidades administrativas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e dentro da súa autonomía pedagóxica, teñen unha especial vinculación e compromiso coa formación dos e das futuros docentes.

Calquera docente que imparta formación en Educación Infantil e Primaria e que cumpra cos requisitos establecidos poderá ser titor ou titora de prácticas. Os docentes acreditarán o cumprimento das condicións establecidas mediante declaración responsable segundo o modelo que se xunta ao protocolo.

En ESO, Bacharelato, Formación Profesional e ensinanza de idiomas e deportivas:

Seguirase o procedemento establecido na ORDE do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia e nas resolucións anuais de convocatoria.

As universidades axustaranse á normativa vixente en cada momento para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas (Practicum) nos estudos de grao e Máster, particularmente no establecido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014), así como ao establecido na ORDE do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A adscrición do alumnado que vai realizar as prácticas farase de acordo cos criterios e procedementos fixados polos responsables universitarios das titulacións correspondentes, nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en relación con estas titulacións, garantindo os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades. Procurarase así mesmo que supoñan o menor sobreesforzo económico para os e as estudantes.

Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este protocolo, aqueles centros ou servizos nos que se realicen as prácticas comunicaranlle á facultade á que estean adscritos os/as alumnos/as calquera alta ou baixa que se produza. Xunto á alta de cada estudante, comunicarán tamén a data do comezo e finalización das prácticas, o período de vacacións, se o houbese, o lugar do desenvolvemento e o seu contido.

Fase de Información

As universidades remitirán á Consellería, antes do comezo de cada período de prácticas, a relación de estudantes en prácticas e os seus correspondentes titores de centros sostidos con fondos públicos, con indicación expresa de DNI e outros datos de acceso necesarios nas altas de plataformas de teleformación.

A estes efectos, a Consellería comunicará aos centros de prácticas a necesidade de remitilos en tempo e forma aos decanatos correspondentes.

A Consellería procederá á alta dos e das estudantes en prácticas e das súas persoas titoras nos centros educativos nun espazo virtual colaborativo/formativo específico que servirá de información e guía unificada do proceso. Estes cursos masivos terán formato de auto-aprendizaxe e non substituirán aos titores e coordinadores correspondentes, nin darán dereito a certificación de formación.

Nos espazos virtuais colaborativos/formativos incluírase información e ligazóns relevantes para os diferentes aspectos a desenvolver na fase de prácticas. Así mesmo facilitarase o acceso á normativa de referencia a a modelos xenéricos cando se atopen consensuados ou respondan a normativa específica das diferentes partes implicadas.

Espazo virtual colaborativo/formativo titores e supervisores:

- ▶ Normativa de referencia
- ▶ Guía sobre autoprotección e riscos laborais para entregar ao alumnado en prácticas
- ▶ Indicacións sobre a protección de datos e a confidencialidade durante o período de prácticas (formulario de confidencialidade e boas prácticas).
- ▶ Información e orientacións sobre a integración do alumnado en prácticas na vida do centro: mentorado, etc.
- ▶ Orientacións sobre a xestión de tempos e acceso a espazos para a intervención do alumnado en prácticas.
- ▶ Recursos de mentorización e tutorización. Rúbricas de avaliación conxunta da fase de prácticas (autoavaliación do proceso).
- ▶ Recursos para propostas de mellora.

Espazo virtual colaborativo/formativo alumnado:

- ▶ Acceso á guía LOMCE.
- ▶ Protocolos da Consellería: educonvives.gal e outros.
- ▶ Normativa de aplicación nos centros educativos.
- ▶ Guía sobre riscos laborais e autoprotección para o alumnado en prácticas.
- ▶ Competencias profesionais docentes, formación permanente do profesorado.
- ▶ Ferramentas institucionais de xestión de centros.

Fase de certificación

Rematado o proceso, a universidade correspondente expedirá a cada titor ou titora do centro educativo unha certificación na que constará o que vén previsto na Orde de 2013 e enviará ao Servizo de Formación do Profesorado unha listaxe co profesorado de centros públicos e privados concertados participante na que se incluírán o DNI, o nome completo, o número de horas que corresponden ao prácticum correspondente e as datas de inicio e fin do mesmo. Así mesmo a universidade correspondente trasladará á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a listaxe de profesorado que exerceu labores de tutoría e coordinación nos centros educativos para que se proceda ao recoñecemento correspondente segundo o establecido no artigo 39 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

Formación específica vinculada ao Prácticum. Unha oportunidade para a retroalimentación.

Co obxectivo de manter e fortalecer os vínculos e a coordinación na formación do profesorado, propónse a realización de xornadas, para o alumnado e os titores/as de prácticas e titores/as académicos das universidades. Estas xornadas serán voluntarias en horario lectivo en cada un dos campus universitarios e serán organizadas conxuntamente pola universidade e a Rede de Formación, a través das súas sedes.

A xornada contará cos seguintes obxectivos:

- ▶ Fortalecer os vínculos e a coordinación entre a formación inicial e permanente do profesorado para facilitar o axuste á realidade dos centros educativos.
- ▶ Avanzar cara á máxima calidade educativa en todas as fases da vida profesional dos e das docentes.
- ▶ Enriquecer os procesos informativos e formativos do proceso de prácticas (MOOCs) baseándose nos avances científicos e na experiencia.
- ▶ Poñer en valor boas prácticas durante o prácticum.

- ▶ Mellorar a formación inicial e permanente do profesorado.

Preséntase, polo tanto, unha xornada certificable con 8 horas de formación (ben 8 no mesmo día, ben 4h e 4h de tarde), preferentemente na mesma semana para facilitar a presenza e transferibilidade de relatores, sobre todo externos.

A decisión sobre as metodoloxías e temáticas basearase na análise científica conxunta das evidencias sobre a formación inicial e permanente do profesorado, a demanda social e a reflexión sobre os retos futuros en materia de educación; de xeito coordinado e fornecendo todos os axentes a información relevante e pertinente.

Estas xornadas supoñen un contorno privilexiado para a colaboración entre os profesionais docentes universitarios galegos e a rede de formación permanente do profesorado, no que compartir e enriquecer mutuamente o seu quefacer diario.

Así mesmo servirán para facilitarlle ao alumnado universitario a realización das prácticas e a incorporación aos centros educativos como profesorado *novel*; e ao profesorado en exercicio permitirlle estar en contacto cos avances científicos máis destacables, mantendo un contacto activo co mundo da investigación educativa. Deste xeito é previsible que se diminúa a eventual separación discursiva interxeracional entre o profesorado *sénior* e o profesorado *novel*.

A organización debe ser conxunta e coordinada, co fin de que alumnado e profesorado en exercicio compartan reflexións, espazos e experiencias, de xeito tal que a única diferenciación sexa que a Rede de Formación do Profesorado certifique o profesorado en exercicio e a Universidade o seu alumnado.

Parte 4

Documento de recomendacións e medidas

A creación e o funcionamento do grupo de traballo para a mellora da formación docente en Galicia sobre as competencias profesionais docentes constitúe un primeiro paso e unha experiencia pioneira no contorno do sistema educativo español para a creación dun discurso común entre a formación inicial e a permanente, que facilite o diálogo e o avance na calidade do sistema educativo, avance que estará determinado pola mellora das competencias profesionais dos e das docentes.

A oportunidade de realizar un estudo de diagnose e abrir un debate en profundidade que permite analizar en que momento se atopa a aliñación da formación inicial e permanente partindo dun marco proposto e xa aplicado na formación permanente, que nace do acervo previo de recomendacións europeas e traballos técnicos da propia rede de formación con socios europeos, xa de por si constitúe un fito que pode dar lugar a un punto de inflexión para a mellora mediante a converxencia na visión sobre a profesión docente.

Neste sentido, o documento parte das evidencias dispoñibles, tanto no contexto internacional, en forma de estudos e documento europeos, como no ámbito nacional e de Galicia. A dispoñibilidade dunha ampla base de datos sobre a demanda formativa dentro da formación permanente, entre o profesorado novel e sénior ten permitido unha análise moi valiosa vinculada ao marco de competencias de Galicia e, á súa vez, posto este marco en relación cos plans de estudos das universidades.

Así mesmo, o contraste do marco de competencias cos requisitos de validación dos plans de estudos das universidades galegas proporcionou valiosos resultados en termos de abordaxe das distintas subcompetencias e do seu enfoque e tratamento nos plans de estudos.

A modo de resumo, logo do traballo de debate, análise comparada, reflexión, e coordinación, propóñense as seguintes recomendacións e medidas:

- ▶ Impulsar a construción dun discurso común que facilite o diálogo profesional entre os distintos actores responsables da formación docente ao redor do paradigma competencial.

- ▶ Abordar a revisión, actualización e mellora dos plans de estudo conducentes á capacitación como mestre desde a perspectiva das competencias profesionais necesarias, de xeito que se dean repostas ás novas demandas dos sistemas educativos do século XXI. Neste sentido, é importante avanzar na definición común de descritores claros das competencias xerais e específicas dos títulos, que permitan converxer na interpretación e enfoque dos mínimos que garantan o exercicio da profesión docente, sempre dentro do respecto á autonomía universitaria.
- ▶ Establecemento de fórmulas estables de cooperación entre as universidades galegas encargadas da formación inicial e a rede de formación permanente do profesorado que permitan, sobre a base do marco de competencias, identificar as necesidades formativas e articular accións que melloren as prácticas docentes.

Impulsar a posta en marcha no SUG dun Mestrado Interuniversitario (UDC, USC, UVIGO) en Investigación e Innovación Educactiva en Educación Infantil e Primaria, que redundará na mellora das competencias profesionais do futuro profesorado destes niveis e aboradará as necesidades formativas e lagoas detectadas polo grupo de traballo.

A información e o coñecemento que a formación inicial e permanente do profesorado teñen nas súas esferas de acción é inmensa e debería, polo ben da mellora da calidade educativa, ser posta en común, compartida e debatida de xeito sistemático. Polo tanto, é importante manter un grupo de traballo permanente que facilite e potencie o intercambio de información relevante e a realización conxunta de investigacións que redunden na mellora da formación do profesorado ao longo de toda a súa vida profesional.

- ▶ Aprobación dun Protocolo de Prácticas educativas sobre a proposta realizada.

Deste xeito, cóntase cun marco de traballo seguro, efectivo e eficaz para todo o alumnado con independencia do centro ou centros onde realice as súas prácticas ao longo da súa formación inicial. Ao mesmo tempo, facilita o labor do profesorado titor, tanto das universidades como dos propios centros educativos, e facilita que este período sexa vivenciado como unha oportunidade de enriquecemento mutuo.

- ▶ Realización de actividades formativas conxuntas

Resulta importante asumir que nin a formación permanente do profesorado pode permanecer allea aos avances en investigación e coñecemento sobre as ciencias da educación, nin a universidade pode ofrecer unha formación de calidade sen participar da realidade formativa do profesorado. Certamente é unha colaboración que se se está a dar, aínda que non dun xeito claramente estruturado, polo que se busca establecer uns mínimos espazos comúns, no marco de actividades concretas, que poñan en contacto tanto ao profesorado como ao alumando nunha verdadeira comunidade de aprendizaxe. Trátase de crear espazos para medrar como comunidade educativa.

- ▶ Difundir conxuntamente a investigación e as boas prácticas en materia de formación do profesorado.

O coñecemento que non se comparte non é útil, polo que, de que todo o anterior debe derivarse sempre a divulgación das investigacións, achegas, boas prácticas, propostas, etc. no marco de publicacións de referencia.

Anexos I - Descrición detallada das competencias profesionais docentes

A continuación explícanse profundamente as sete competencias profesionais, delimitando cada unha das subcompetencias e os aspectos que as concretan.

1. EDUCADOR/A GUÍA NO PROCESO DE ENSINANZA E APRENDIZAXE E DESENVOLVEMENTO DO ALUMNADO

Refírese ao uso consciente por parte do profesorado das súas capacidades, habilidades, coñecementos e ferramentas para xerar e motivar procesos de aprendizaxe no alumnado.

1. Programación, seguimento e avaliación

Saberá programar, facer un seguimento con avaliación de proceso e avaliación final así como planificar os procesos de ensino-aprendizaxe segundo as competencias clave, xestionando a progresión e a contextualización. Con esta finalidade deseñará e resolverá situacións didácticas secuenciando e temporalizando axeitadamente e integrando o uso das TAC.

2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Aifln

O/a docente dominará a didáctica específica da área, materia e/ou módulo correspondente así como metodoloxías activas e inclusivas, facilitando a aprendizaxe activa tanto individual como en grupo. Na súa actividade docente, saberá integrar a metodoloxía didáctica en contornos virtuais de aprendizaxe, mixtos ou presenciais con apoio TIC. Definirá as necesidades de información, buscándoa, avaliándoa e comunicándoa. Saberá transformar, estruturar e xestionar a información eticamente, comprendendo as características e papeis dos distintos medios. Tamén apoiará o desenvolvemento destas capacidades no alumnado.

Amais diso, poderá crear un contorno persoal de aprendizaxe dixital propio e fomentar o mesmo proceso no alumnado. O seu traballo será motivador no pensamento crítico nos/as alumnos/as.

3. **Acción tutorial e atención á diversidade**

Nesta subcompetencia téñense en conta todas as obrigas propias do titor: orientar no proceso de aprendizaxe atendendo ás especificidades sociais e persoais de cada individuo e de cada grupo e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos/as alumnos/as, respectando os tempos de cada individuo e exercitando a escoita activa. Garantirá tamén a inclusión e participación, e axudará ao alumnado a construír os seus propios esquemas de coñecemento.

4. **Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe**

O/a docente saberá xestionar os diversos espazos do centro, integrando os comúns de relevancia estratéxica, como a biblioteca, nun proceso de ensino-aprendizaxe de éxito. Organizará os grupos de alumnos/as, de maneira eficaz ante calquera proposta, conectando axeitadamente con espazos, tempos e contextos. Nese sentido será consciente da existencia e aplicación de diferentes modelos de xestión de aula.

Será sensible sobre a importancia do manexo sistemático de información e, nese sentido, xerará un ambiente persoal de aprendizaxe no que recoller todos os recursos virtuais e analóxicos que faciliten a aprendizaxe. Ese ambiente permitiralle combinar recursos, materiais, relacións e contactos seleccionados de xeito motivador. Dominará estratexias de creación e integración contextualizada de contidos dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe.

2. **MEMBRO DUNHA ORGANIZACIÓN**

Consiste no bo desempeño das funcións relacionadas coa organización e xestión do centro, a interpretación do contexto de traballo, a aplicación de plans e programas e para liderar grupos de traballo.

Consiste na integración e colaboración de forma activa na consecución de obxectivos comúns con outras persoas, áreas e organizacións.

5. Orientación pedagógica, académica e profesional

Esta subcompetencia refírese á capacidade do/a docente de planificar procesos e orientar a práctica educativa do centro para a mellora dos resultados sociais e educativos. Para acadar esta meta seralle preciso ser quen de inferir as necesidades educativas do alumnado, tras unha análise individual e contextualizada del, podendo reaccionar de forma eficaz e rápida ante imprevistos ou situacións diversas que condicionen a aprendizaxe.

6. Normativa

O/a profesional do ensino ten a obriga de coñecer a normativa e lexislación vixente máis relevante, así como os sistemas e recursos de consulta previstos pola administración para informarse daquelas normas máis específicas en momentos concretos.

7. Organización, planificación, coordinación

Tendo en conta a análise do contexto social, laboral, económico e educativo do centro, con este coñecemento poderá deseñar e planificar estratéxica e curricularmente con temporalización máis aló das fronteiras da aula, xestionando espazos abertos e agrupamentos flexibles e coordinándose con colegas de nivel, materia, etc. Poderá así implementar diferentes dinámicas organizativas e tomar decisións eficientemente.

8. Xestión administrativa de centro e calidade

Deberá coñecer as ferramentas de xestión (tamén aquelas en soporte TIC) precisas para a xestión económica e administrativa, garantindo o rigor nos procedementos e implementándoas segundo normas de calidade centradas nas necesidades e intereses dos colectivos destinatarios.

9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns

O/a profesional deberá ser quen de deseñar e/ou colaborar nun modelo de xestión de persoal e da estrutura organizativa e funcional do centro, segundo os obxectivos marcados no proxecto e dentro das competencias do colectivo específico ao que se pertenza. Neste modelo coordinarase a xestión dos recursos humanos coas tarefas promovendo nun mesmo e nos outros membros do equipo a participación, implicación e o compromiso desde o respecto mutuo.

10. Cooperación, colaboración e construción conxunta de coñecemento

Os membros dun equipo educativo estarán motivados cara a unha cultura organizativa e valores compartidos, cooperando, colaborando e participando en proxectos comúns. O afán destas interaccións será sempre de consenso e concordia, favorable á autocrítica e á crítica construtiva para unha creación conxunta de significado que facilite a reflexión e a mellora continua.

11. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais

Os membros dun claustro serán individualmente capaces de traballar en equipo para o desenvolvemento conxunto de proxectos. Dominarán técnicas de traballo grupal entre profesionais tales como a negociación e solución de problemas e conflitos, a dinamización e liderado e a superación da cultura individualista. Para iso serán quen de confiar no traballo alleo con lealdade a un mesmo e aos demais e amosando tolerancia ante erros e afán de escoita. Amais diso favorecerán tamén o traballo grupal no alumnado, sabendo xestionar a progresión das aprendizaxes colectivas e individuais dentro do colectivo.

12. Centros saudables e seguridade integral

O/a docente respectará aos demais usuarios, seguindo as normas establecidas tanto en ambientes presenciais como virtuais de aprendizaxe. Así coñecerá e respectará as directrices en propiedade de datos e identidade dixital, así como os seus dereitos e deberes na rede.

Por outra banda garantirá a promoción de hábitos saudables no alumnado referentes á alimentación, actividade física, prevención de tabaquismo e drogodependencias, etc.

Ao mesmo tempo procurará o coidado da súa propia saúde, especialmente o referente ao coidado da voz e control do estrés. Amais diso procurará a prevención de riscos laborais, formándose no ámbito, se é preciso, e será quen de xerar e manexar protocolos de actuación en emerxencias: alerxias, accidentes etc.

3. INTERLOCUTOR/A E REFERENTE NA COMUNIDADE EDUCATIVA

Consiste no uso consciente por parte do docente de capacidades, coñecementos, valores, actitudes e comportamentos que promovan un ambiente propicio e educativo na escola,

para así acadar os retos educativos propostos no proxecto de centro. Para iso será preciso establecer vínculos sociais cos membros da comunidade educativa e xestionar a súa participación, dando en cada caso un bo trato aos demais no desenvolvemento das súas tarefas.

13. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora

O/a profesional docente será consciente das súas capacidades e limitacións propias, facendo autocrítica, introspección e recoñecemento dos puntos débiles e fortes propios e alleos. Dominará técnicas de xestión emocional e estratexias de organización e xestión da educación que posibiliten a interacción efectiva, e manexará diversos códigos e medios de comunicación: linguaxe verbal, non verbal e expresión corporal. Estes permitiránlle comunicarse en público e escoitar de forma activa e empática, transmitindo e presentando información e coñecemento con eficacia.

Saberá traballar cun equipo chegando a acordos, compartindo, dando axuda e consellos e tamén recibíndoos e dando un trato correcto e ecuánime a todos os implicados.

Titorizará e orientará a alumnos/as, familias e profesorado en prácticas desde un punto de vista académico e profesional, acompañando de forma individualizada e sendo referencia de asesoramento institucional e pedagógico, e amosando sempre unha actitude optimista, aberta e receptiva.

Controlará técnicas, procedementos, materiais e recursos de orientación que lle permitan fomentar todas as diversidades, así como amosar proximidade e empatía ao alumno, os seus sentimentos e emocións, e coa súa contorna.

Dentro da comunidade educativa traballará de xeito asertivo con disciplina e compromiso.

14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético

Será responsabilidade do docente fomentar un clima de confianza desde a intelixencia emocional, así como motivar, dinamizar e implicar aos demais nun clima de respecto, confianza e aprendizaxe activa. Para iso fomentará actitudes participativas que favorezan a aprendizaxe, así como a participación dos pais e nais na vida escolar. Procurará, en definitiva, a creación dun ambiente de convivencia positiva, respecto e tolerancia.

Ao mesmo tempo liderará favorecendo o entusiasmo, o interese e o esforzo, actuando con seguridade na toma de decisións e establecendo normas e comprobando o seu cumprimento.

A actitude deberá ser integradora da diversidade cultural e social do alumnado, traballando con empatía e sintonía e procurando a ecuanimidade, equidade e imparcialidade desde a observación dos deberes e dereitos dos membros da comunidade educativa.

Desde o punto de vista do uso das tecnoloxías, comprenderá e respectará as licenzas de autoría dos materiais en rede, e velará pola seguridade dos usuarios, fomentando o uso das TAC desde o respecto. Favorecerá tamén o emprendemento como valor que se debe desenvolver na comunidade.

15. Mediación, resolución de conflitos

O/a docente preverá, xestionará e mediará para resolver axustada e rapidamente conflitos ou problemas. Dominará técnicas de mediación e xestión de conflitos, actuando con imparcialidade e obxectividade e amosará interese na mellora e relativización dos problemas.

4. INVESTIGADOR/A E INNOVADOR/A

Refírese á capacidade do docente de aplicación de novas ideas, propostas e prácticas educativas coa finalidade de mellorar, concretamente, o desenvolvemento das competencias dos/as alumnos/as e o servizo educativo, en xeral.

16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente

O profesorado será quen de planificar, deseñar e contextualizar as investigacións educativas. Ao mesmo tempo desenvolverá un proceso permanente de diagnóstico e avaliación da propia práctica docente e o impacto na aprendizaxe. Será consciente e integrador dos novos procesos de ensino e aprendizaxe e tendencias pedagóxicas, reciclándose permanentemente e actualizándose sobre temáticas e demandas sociais.

17. Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional

Será desexable investigar constantemente aplicando o aprendido á práctica educativa. Para iso é preciso amosar interese pola actualización constante de coñecementos e habilidades, pola experimentación e innovación na práctica docente e en novas metodoloxías e por estar á vangarda educativa e innovar. Para iso dominará as técnicas precisas para buscar e obter información relevante, avaliándoa de xeito crítico e usándoa con ética, así como actualizando constantemente os coñecementos e estratexias precisos para desenvolver esta tarefa.

É salientable a importancia da actualización e investigación formativa permanente no eido das tecnoloxías da aprendizaxe, que mudan de xeito vertixinoso, e para as que non sempre se atopa oferta formativa institucional.

18. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal

A concienciación do propio proceso de aprendizaxe, a detección de necesidades e a configuración dun itinerario formativo persoal ao longo de toda a carreira profesional, serán capacidades desexables no/a docente competente. Para iso saberá desenvolver a autoaprendizaxe, con traballo continuo e organizado. Coñecerá os plans e programas que responden ás liñas de actuación da Consellería de Educación, así como as posibilidades de oferta permanente de formación do profesorado.

Deberá considerar as TAC como ferramenta para favorecer a aprendizaxe individualizada e personalizada e como recurso didáctico para a mellora.

Amosará un afán participativo de xeito activo en foros, aulas virtuais e plataformas colaborativas, e interese polas necesidades de formación vinculadas ao posto de traballo.

19. Realización e execución de propostas

É fundamental acompañar o interese permanente pola mellora da propia competencia profesional dun sentimento de responsabilidade e compromiso coa educación e co propio proceso formativo. Con esta finalidade o/a docente competente fará propostas de cambio con entusiasmo e optimismo a nivel pedagóxico, e executará aquelas que contribúan ao progreso educativo. Amosará actitude intuitiva para o seu desenvolvemento, con flexibilidade e afán de adaptación aos cambios, así como autodeterminación, optimismo, iniciativa, tenacidade e inquietude de perfeccionamento.

Estará ao tanto de todas as actualizacións curriculares que puideran producirse, anticipándose aos cambios e sendo creativo/a. Será receptivo/a ante as achegas doutros, valorándoas positivamente e desde o respecto con actitude receptiva, crítica e con interese por participar.

5. ESPECIALISTA NA SÚA MATERIA

Esta competencia de corte instrumental céntrase na facultade de ser consciente das capacidades cognitivas para a adquisición, emprego e xestión do coñecemento, referido á área, materia ou módulo obxecto dunha especialidade e ao coñecemento pedagóxico sobre educación.

20. Coñecemento na área de Educación

O/a profesional do ensino coñece e domina as teorías, a filosofía e historia da educación, os métodos e modelos de ensino, as metodoloxías didácticas e o seu papel na sociedade.

21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares

Coñece os elementos do currículo correspondentes á/s materia/s que imparte, adaptándoos ao contexto do alumnado e á evolución da sociedade.

22. Xestión do coñecemento existente

É capaz de construír coñecemento integrándoo de xeito crítico na súa realidade, discernindo, seleccionando e adaptando os contidos relevantes en función das necesidades do momento educativo no que se atope.

6. COMUNICADOR/A EN LINGUAS MATERNAS E ESTRANXEIRAS

Esta competencia, tamén de corte claramente instrumental, baséase na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade e de intercambio de coñecementos, ideas, pensamentos e emocións, non só nas linguas maternas (galego e castelán), senón tamén en linguas estranxeiras curriculares.

23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais

Comunícase correctamente, coñecendo a linguaxe e os códigos verbal e non verbal en distintos contextos. Desenvolve estratexias de iniciación e mantemento da comunicación con interlocutor único, en grupo, exposición en público, etc., en canles orais e escritas e en todo tipo de rexistros. Exercita técnicas de escoita activa e modulación do discurso en función da interacción.

7. COMPETENTE EN TIC

A última das competencias de tipo instrumental consiste no uso seguro e crítico das tecnoloxías da sociedade da información para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtase no uso da tecnoloxía para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de internet.

24. Software

Cóñece e manexa software para xestión, emprego na aula, comunicación e traballo colaborativo (p.ex. redes sociais), creación de contidos (p.ex. ferramentas para a autoformación: redes profesionais, MOOC, cursos en liña) etc.

25. Dispositivos

Cóñece e manexa os distintos dispositivos que se poden empregar na función docente: ordenadores, PDIs, tabletas, receptores de contidos multimedia, así como calquera outro cuxa aparición poida xerar necesidade de actualización e aprendizaxe (p. ex. neste momento impresoras 3D).

26. Ferramentas institucionais.

Emprega os contornos virtuais de aprendizaxe, repositorios de contidos e aplicacións corporativas, como os EVA de Moodle e AulaCesga, o CMS Drupal de Webs dinámicas, o espazo e repositorio Abalar, E-Dixgal, Fprofe, Agueiro, Redeiras, Xade, Persoal, CXT, etc.

Bibliografía

- ▶ Modelo de Competencias Profesionais Docentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (proposta de modelo da Rede de Formación Permanente do profesorado).
- ▶ Marco Común de Competencia Digital Docente - MECD INTEF.
- ▶ Libro Blanco do Título de Grao en Maxisterio (vol. 1 e 2). Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación.
- ▶ Documento sobre competencias do Título de graduado ou graduada e Mestre/a de Educación Infantil da USC.
- ▶ Memoria para a verificación do título de grao en Mestre/a de Educación Primaria da USC .
- ▶ Documento Competencias de grao en Educación Primaria de UVIGO.
- ▶ Documento Competencias de grao en Educación Infantil de UVIGO.
- ▶ Documento Competencias recollidas nas memorias de verificación dos títulos do grao en Educación Infantil e do grao de Educación Primaria da UDC.
- ▶ Council of the European Union. (2014, maio 20). Conclusions on effective teacher education [Consejo de la Unión Europea]. Recuperado 14 de noviembre de 2014, a partir de http://www.consilium.europa.eu/uedocs/cms_data/docs/pressdata/en/educ/142690.pdf
- ▶ Red de Formación del Profesorado de Castilla y León. (2010). Modelo de Competencias Profesionales del Profesorado. Recuperado a partir de <http://>

cfievalladolid.centros.educa.jcyl.es/sitio/upload/

Modelo_de_Competencias_Profesionales_del_Profesorado__1.pdf

- ▶ Consello da Unión Europea. (2006, decembro 18). Recomendación del parlamento europeo y del consejo. [Consejo de la Unión Europea] Recuperado a partir de <http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32006H0962&from=ES>
- ▶ Marco Estratégico de Desarrollo Profesional Docente | Blog de INTEF. (s.d.). Recuperado 17 de novembro de 2014, a partir de <http://blog.educalab.es/intef/2013/05/06/marco-estrategico-de-desarrollo-profesional-docente/>
- ▶ Consello da Unión Europea. (2008, abril 23). European Qualifications Framework. Recuperado 17 de novembro de 2014, a partir de <http://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?qid=1416225455658&uri=URISERV:c11104>
- ▶ Ministros Europeos de Enseñanza. (1999). *Declaración de Bolonia*. Recuperado a partir de http://www.uned.es/fac-poli/documentos_de_trabajo_c_politica/DECLARACIONES/DECLARACION%20BOLONIA.pdf
- ▶ Ministerio de educación, cultura y deporte. (2003, febrero). La integración del sistema universitario español en el EEES, Documento Marco. Recuperado 17 de novembro de 2014, a partir de http://www.eees.es/pdf/Documento-Marco_10_Febrero.pdf
- ▶ Perrenoud, P. (1999). Construir competencias desde la escuela. Santiago de Chile: Dolmen.
- ▶ Cabero Almenara, J. (Dir.) (2005). Formación del profesorado universitario en estrategias metodológicas para la incorporación del aprendizaje en red en el espacio de educación superior. Madrid: MEC, Programa de estudios y análisis.
- ▶ European Commission, Education and Training. (2013, julio). Supporting teacher competence development for better learning outcomes. Recuperado a partir de http://ec.europa.eu/education/policy/school/doc/teachercomp_en.pdf